

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

EXTRACTO da Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C, PE120E e PE120F).

BDNS (Identif.): 487541.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Finalidade*

As axudas terán como finalidade:

1. Limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptar a pesca á protección das especies.
2. Mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.
3. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático.
4. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático, a través da substitución de motores principais ou auxiliares.
5. Aumentar o valor engadido, calidade dos produtos e utilización das capturas non desexadas.



6. Servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 5 de decembro 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C, PE120E e PE120F).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2020 as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación que figura dotada no orzamento de gastos de Consellería do Mar para o ano 2020, tramitándose de forma anticipada.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.0. Importe: 237.688,50 €, limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.6. Importe: 222.406,01 €, mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.4. Importe: 100.000,00 €, mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.3. Importe: 67.390,54 €, mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático. Substitución de motores principais ou auxiliares.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.5. Importe: 145.073,70 €, aumentar o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas.

Aplicación orzamentaria: 15.02.723A.770.1. Importe: 25.000,00 €, servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.



Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

M^a Isabel Concheiro Rodríguez-Segade
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: laoqvoib-iqs6-ijo5-igz2-derene3vzct4

